

Materia	CIENCIAS DA NATUREZA	Pág.	1
Curso / Ciclo	3º de Educación Primaria		
Profesor/a	Mª ISABEL MÍGUEZ LAGO		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)		
1ª AVALIACIÓN (1-3) <u>Os seres vivos.Os animais</u> <u>Contidos:</u> Hay moitos seres vivos. Como son os animais e onde viven. A gran variedade de animais. <u>Técnicas e actividades:</u> Observamos un acuario caseiro Debuxamos animais. <u>Aproveitamos os animais</u> <u>Contidos:</u> Os vertebrados:peixes,anfíbios, réptiles,aves e mamíferos. Os invertebrados:moluscos e artrópodos. Outros invertebrados <u>Técnicas e actividades:</u> Facemos un caderno de campo dos nosos animais. Buscamos en internet información sobre animais. <u>As plantas</u> <u>Contidos:</u> As características xerais das plantas, estrutura e lugares que habitan. Os tipos de plantas. Como aproveitamos as plantas. As plantas da comunidade autónoma. <u>Técnicas e actividades:</u> Estudo dunha planta: un piñeiro Recopilamos información sobre plantas da nosa zona.	2ª AVALIACIÓN (4-6) <u>Somos seres vivos</u> <u>Contidos:</u> Que tipo de seres vivos somos. Somos distintos doutros animais. Así funciona o noso corpo. Cambiamos ao longo da nosa vida. <u>Técnicas e actividades:</u> Descubrimos como crecemos A figura humana e a arte. <u>Saúde,dieta e hixiene</u> <u>Contidos:</u> Saúde e enfermidade. A alimentación e a dieta. A hixiene. <u>Técnicas e actividades:</u> As etiquetas dos alimentos Alimentacións especiais <u>Outros coidados da nosa saúde</u> <u>Contidos:</u> A actividade física e o descanso. Siéntete alegre e relaciónate. A medicina axúdanos. A saúde pública. <u>Técnicas e actividades:</u> Estudamos o noso corpo Organizamos o tempo Aprendemos primeiros auxilios.	3ª AVALIACIÓN (7-9) <u>A materia</u> <u>Contidos:</u> A materia, as súas propiedades e tipos. Os estados da materia A materia pode cambiar Utilizamos a materia <u>Técnicas e actividades:</u> Que facemos co lixo? Reducimos ,reutilizamos e reciclamos. <u>A enerxía</u> <u>Contidos:</u> Enerxía por todas as partes De onde obtemos a enerxía Utilicemos a enerxía de forma eficaz. <u>Técnicas e actividades:</u> Aproveitamos a enerxía do sol Identificamos transformacións de enerxía. <u>As máquinas</u> <u>Contidos:</u> Que é una máquina e como funciona. As máquinas simples e as compostas. As máquinas antigas. As máquinas actuais. <u>Técnicas e actividades:</u> Máquinas que fixeron historia. Videoxogos e seguridade

OBXECTIVOS

Coñecer os diferentes tipos de seres vivos que hai na Terra, e especialmente, os animais e as plantas.

Recoñecer os beneficios que nos achegan os animais e definir as principais formas de aproveitamento dos animais.

Describir as características xerais das plantas, as súas partes e as funcións que desempeña cada unha delas, e coñecer e identificar os tipos de plantas segundo os seus talos.

Definir saúde e enfermidade, e coñecer algunhas causas que producen enfermidades.

Definir dieta e dieta saudable, e coñecer as características dunha boa alimentación desde o punto de vista da saúde.

Valorar a importancia do exercicio físico e do control da postura, da alegría, da comunicación, do descanso..., para manter a saúde.

Distinguir substancias puras e mesturas.

Diferenciar os materiais naturais e os materiais artificiais.

Definir enerxía e coñecer algunhas formas nas que se manifesta.

Distinguir as fontes renovables de enerxía e as fontes non-renovables de enerxía.

Definir máquinas, identificar algúns dos seus elementos e describir, de forma sinxela, o funcionamento das máquinas simples.

Distinguir as máquinas simples e as máquinas compostas.

METODOLOXÍA

A metodoloxía será activa, participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes.

Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno.

A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación practicarase da seguinte maneira:

- **Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa:** onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a.
- **Orientadora:** achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
- **Continua:** contrastando os diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase
- **Inicial:** que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
- **Os instrumentos a utilizar:** a observación directa do traballo diario da clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comprobar a adquisición de coñecementos.